

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 14222** *Real decreto lei 12/2011, do 26 de agosto, polo que se modifica a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, para a aplicación do Convenio internacional sobre o embargo preventivo de buques, e se regulan competencias autonómicas en materia de policía de dominio público hidráulico.*

I

O dereito marítimo ou da navegación encontra nos tratados internacionais a súa principal fonte normativa. No entanto, estes convenios internacionais dificilmente poden desprezar a súa eficacia de forma autónoma, polo que necesitan o desenvolvemento de normas nacionais que faciliten a súa aplicación.

Este é precisamente o propósito deste real decreto lei que, mediante a incorporación dunha nova disposición derradeira á Lei de axuizamento civil, completa as normas do Convenio internacional sobre o embargo preventivo de buques, feito en Xenebra o 12 de marzo de 1999, cuxa entrada en vigor se producirá o 14 de setembro de 2011. Iso veu acompañado da denuncia do Convenio internacional para a unificación de certas regras relativas ao embargo preventivo de buques, feito en Bruxelas, do 10 de maio de 1952, aplicable ata agora, e que exige, pola súa vez, determinar as medidas que se aplicarán ao embargo de buques que enarboren pavillón dun Estado que non sexa parte no Convenio de 1999, co obxecto de asegurar a necesaria protección dos acredores residentes en España.

Na liña que marcou o proxecto de Lei xeral de navegación marítima, este real decreto lei segue a pegada da uniformidade do dereito marítimo co fin de evitar a dualidade de regulacións existentes en moitos ámbitos desta materia, e que non fai senón xerar contradicións e incrementar a litixiosidade. Desta forma, a modificación da Lei de axuizamento civil que introduce este real decreto lei limitase a prever a aplicación xeral a todo embargo preventivo de buques do novo Convenio de 1999 e as especialidades que comporta fronte ao réxime xeral que prevé a dita lei procesual.

Débese indicar, finalmente, que o contido procesual do Convenio internacional sobre o embargo preventivo de buques determina tamén a competencia do Estado sobre a lexislación procesual para o ditado desta disposición, cuxa entrada en vigor, prevista para o 28 de marzo de 2012, responde á necesidade de coordinar a aplicación destas medidas na data de produción de efectos da denuncia por parte de España do Convenio internacional para a unificación de certas regras relativas ao embargo preventivo de buques, feito en Bruxelas, do 10 de maio de 1952.

En resumo, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade, que a teor do artigo 86.1 da Constitución habilitan o Goberno para adoptar medidas mediante real decreto lei, veñen determinadas pola necesidade de dar solución á situación de desvantaxe en que se encontrarían os acredores españois unha vez que se produzan os efectos da denuncia do Convenio de 1952, así como á necesidade de facilitar a aplicación do Convenio de 1999 mediante as correspondentes disposicións procesuais, toda vez que a Lei 2/1967 resulta inaplicable a partir da produción de efectos da denuncia do Convenio de 1952. Como estes efectos comezan o 28 de marzo de 2012, tendo en conta a próxima finalización desta lexislatura, non é posible adoptar as medidas proxectadas mediante a canle lexislativa ordinaria.

II

Así mesmo, introdúcese unha nova disposición adicional no texto refundido da Lei de augas coa finalidade de conferir ás comunidades autónomas que o teñan previsto nos

seus estatutos de autonomía, o exercicio da competencia executiva sobre as facultades de policía de dominio público hidráulico dentro do seu ámbito territorial. Con esta medida preténdese dotar de maior seguridade xurídica as relacións interadministrativas en materia de augas, todo iso conforme a recente doutrina do Tribunal Constitucional contida na Sentenza 30/2011, do 16 de marzo.

Tamén se procede á declaración de interese xeral de determinadas obras de infraestruturas hidráulicas con destino a rega en Huelva, pola necesidade urxente de racionalizar o uso da auga de rega nestas zonas, así como o necesario impulso ao desenvolvemento destas zonas rurais.

En uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Xustiza, do ministro de Fomento e da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de agosto de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

A actual disposición derradeira vixésimo sexta da Lei de axuízamento civil pasa a ser vixésimo sétima e a nova disposición derradeira vixésimo sexta queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira vixésimo sexta. *Embargo preventivo de buques.*

1. A medida cautelar de embargo preventivo de buques regularase polo disposto no Convenio internacional sobre o embargo preventivo de buques, feito en Xenebra o 12 de marzo de 1999, polo disposto nesta disposición e, supletoriamente, polo establecido nesta lei.

O disposto no Convenio internacional sobre o embargo preventivo de buques, feito en Xenebra o 12 de marzo de 1999, e nesta disposición aplicarase tamén aos buques que enarboren pavillón dun Estado que non sexa parte no dito convenio.

2. Para decretar o embargo preventivo dun buque abondará que se alegue o crédito reclamado e a causa que o motive. O tribunal exixirá, en todo caso, fianza en cantidade suficiente para responder dos danos, perdas e custas que se poidan ocasionar.

3. Feito o embargo, a oposición só poderá fundarse no incumprimento dos requisitos previstos no Convenio internacional sobre o embargo preventivo de buques.»

Disposición adicional única. *Declaración de interese xeral de determinadas obras de infraestruturas hidráulicas con destino a rega.*

1. Decláranse de interese xeral as seguintes obras de modernización e consolidación de regadíos en Andalucía:

- a) Mellora e consolidación dos regadíos da Comunidade de Regantes El Fresno, comarca de El Condado (Huelva).
- b) Mellora e consolidación da Comunidade de Regantes Andévalo Pedro Arco. Huelva.

2. As obras incluídas neste artigo levarán implícitas as declaracións seguintes:

- a) A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954 de expropiación forzosa.
- b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

3. Esta declaración de interese xeral permitirá as expropiacións forzosas requiridas para as ditas obras e a urxente ocupación dos bens afectados.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Derrógase a Lei 2/1967, do 8 de abril, sobre embargo preventivo de buques.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

Engádesse unha nova disposición adicional no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Competencias autonómicas en materia de policía de dominio público hidráulico.*

Nas bacías hidrográficas intercomunitarias corresponderalles ás comunidades autónomas que teñan prevista a competencia executiva sobre as facultades de policía de dominio público hidráulico nos seus estatutos de autonomía o exercicio, dentro do seu ámbito territorial, das funcións sinaladas no punto 2 do artigo 94 desta lei, así como a tramitación dos procedementos a que dean lugar as ditas actuacións ata a proposta de resolución.

No exercicio destas funcións, será aplicable aos órganos competentes das comunidades autónomas o disposto nos puntos 3 e 4 do artigo 94.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro da competencia atribuída ao Estado no artigo 149.1 da Constitución, nos seus ordinais 6.^a, 22.^a e 24.^a

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día 28 de marzo de 2012, excepto a disposición adicional única e a disposición derradeira primeira, que entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de agosto de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO